



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 399

VII lexislatura

9 de agosto de 2007

Fascículo 1

SUMARIO

(Versión electrónica en www.parlamentodegalicia.es)

8.1. Organización e normas de funcionamento dos servizos

8.3. Actividades

8.3.1. Contratación administrativa

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 6 de agosto de 2007, polo que se aproban os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas do procedemento de contratación por concurso do deseño, organización, produción e execución dun programa de actos e actividades culturais e sociais do Parlamento de Galicia para desenvolver en nove cidades e vilas de Galicia

61798

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 6 de agosto de 2007, polo que se aproban os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas do procedemento de contratación por concurso do deseño, organización, produción e execución dun programa de actos e actividades culturais e sociais do Parlamento de Galicia para desenvolver en nove cidades e vilas de Galicia

Por acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 6 de agosto 2007, iniciouse o procedemento aberto de contratación por concurso do deseño, organización, produción e execución dun programa de actos e actividades culturais e sociais do Parlamento de Galicia para desenvolver en nove cidades e vilas de Galicia.

Nesa mesma data, a Mesa da Cámara aproba os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexen o procedemento e que se insiren a seguir.

Santiago de Compostela, 6 de agosto de 2007

Tereixa Paz Franco
Vicepresidenta 1.^a

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DUNHA CONSULTORÍA E ASISTENCIA RELATIVA Á PROGRAMACIÓN DE ACTOS E ACTIVIDADES CULTURAIS E SOCIAIS, POLO PROCEDEMENTO ABERTO MEDIANTE CONCURSO E TRAMITACIÓN URGENTE.

1. CONDICIÓN XERAIS.

1.1.- O presente prego constitúe o conxunto de instrucións, normas e especificacións que, xunto coas establecidas no correspondente prego de prescricións técnicas, rexerán a contratación para a realización da consultoría e asistencia de referencia que, logo da autorización do órgano de contratación, se adxudicará polo sistema de concurso público e procedemento aberto e trámite urgente.

1.2.- En todo o non previsto nos anteriores pregos haberá que atermos ao disposto no texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (en adiante TRLCAP), aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo seu Regulamento xeral aprobado polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, e demais normativa aplicable.

1.3.- O descoñecemento do contrato en calquera dos seus termos ou dos documentos anexos que forman parte del non eximirá ao contratista da obriga do seu cumprimento.

1.4.- O contratista acepta de forma expresa a súa submisión á lexislación e pregos anteriormente citados e á xurisdición contencioso-administrativa nas cuestións litixiosas que puideran derivar deste contrato de natureza administrativa.

1.5.- O adxudicatario obrigarse ao cumprimento, baixo a súa exclusiva responsabilidade, das disposicións vixentes sobre relacións laborais, seguridade social e calquera outra de carácter xeral.

2. OBXECTO DO CONTRATO.

2.1.- O contrato ten por obxecto o deseño, organización, produción e execución dun programa de actos e actividades culturais e sociais do Parlamento de Galicia para desenvolver en nove cidades/vilas de Galicia, das que sete delas serán as do antigo reino de Galicia: Santiago de Compostela, Lugo, A Coruña, Mondoñedo, Ourense, Betanzos e Tui.

As outras dúas cidades deberán ser propostas polas empresas participantes no concurso.

2.2.- O prego de prescricións técnicas no que se describen as características peculiares da consultoría e asistencia revestirá carácter contractual, polo que deberá ser asinado en proba de conformidade polo adxudicatario, simultaneamente á formalización do contrato.

3. ORZAMENTO DE LICITACIÓN E EXISTENCIA DE CRÉDITO.

3.1.- O importe do orzamento máximo autorizado para a contratación é de cincocentos mil euros (500.000 €), IVE incluído.

3.2.- A formulación da proposta económica ten carácter global, polo que inclúe todos os factores de valoración e impostos que se devenguen por razón do contrato, tendo presente, en relación co imposto sobre o valor engadido, que a oferta do licitador comprende non só o prezo da consultoría e asistencia senón tamén o importe do dito imposto.

3.3.- No presente contrato a determinación do prezo consistirá nun tanto alzado, de conformidade co disposto no artigo 202.2 do TRLCAP.

3.4.- O orzamento da consultoría e asistencia será financiado con cargo á aplicación orzamentaria 01.01.111B.226.09, na que se garante que existe crédito axeitado e suficiente.

4. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN.

A adxudicación da asistencia técnica á que se refire o presente prego realizarase a través do sistema de concurso público e procedemento aberto e tramitación urxente, ao abeiro do previsto nos artigos 73.2, 74.3, 75, 85 e 208.3 do TRLCAP.

5. CAPACIDADE PARA CONTRATAR.

5.1.- Poderán tomar parte na licitación as persoas naturais ou xurídicas españolas ou estranxeiras cuxa finalidade ou actividade teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais, que teñan plena capacidade de obrar e que non se encontren incursas nalgunha das prohibicións de contratar establecidas no artigo 20 do TRLCAP.

5.2.- A admisión á licitación requirirá a previa acreditación de capacidade económica, financeira e técnica necesaria para a execución do contrato. A solvencia económica e financeira acreditarase mediante un informe dunha institución financeira. Reputarase solvente o licitador que achegue un informe dunha institución financeira que se pronuncie expresamente sobre a súa solvencia económica para a realización do obxecto contractual emitido expresamente para a participación neste concurso. Se por razóns xustificadas un empresario non pode facilitalo, poderá acreditar a súa solvencia económica e financeira por calquera outra documentación considerada como suficiente pola administración.

A solvencia técnica ou profesional acreditarase mediante unha relación dos principais traballos, relacionados co obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos que inclúa importe, datas e beneficiarios públicos ou privados destes.

5.3.- Serán nulas de pleno dereito as adxudicacións de contratos a favor de persoas que carezan de capacidade de obrar ou de solvencia, e das que estean comprendidas nalgún dos supostos do artigo 20 TRLCAP. Sen prexuízo disto, o órgano de contratación poderá acordar que o empresario continúe na execución do contrato, baixo as mesmas cláusulas, polo tempo indispensable para evitar prexuízos ao interese público correspondente.

5.4.- Respecto das empresas non españolas de estados membros da Unión Europea haberá que atermos ao disposto nos artigos 25.2 e 26 do TRLCAP e no artigo 9 do Regulamento xeral do TRLCAP.

Respecto das empresas estranxeiras non comunitarias haberá que atermos ao disposto no artigo 23 do TRLCAP e no artigo 10 do Regulamento xeral do TRLCAP.

En canto ás unións de empresarios haberá que atermos ao disposto nos artigos 24 e 31 da TRLCAP e no 24 do Regulamento xeral.

6. DA PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.

6.1.- Forma e prazo.

Os licitadores que desexen tomar parte neste concurso presentarán tres sobres pechados sinalados coas letras A , B e C, acompañándoos dos documentos prescritos no artigo 79 do TRLCAP e que se relacionan na cláusula 6.2.

Os aludidos sobres presentaranse pechados, podendo estar lacrados, e entregaranse no Rexistro do Parlamento de Galicia (sito na rúa do Hórreo, n.º 63, 15702 Santiago de Compostela), en horas de oficina, ou por calquera dos medios admitidos polo artigo 80.4 do Regulamento xeral dentro do prazo sinalado no anuncio de licitación. A oficina de rexistro receptora expedirá un recibo ao que presente as proposicións, no que fará constar o nome do licitador, a denominación obxecto do contrato e o día e hora da súa presentación.

A indicación dos sobres A, B e C deberá figurar na súa parte superior e, centrada, constará a lenda “Proposición para tomar parte na contratación, por concurso público

aberto, da consultoría e asistencia técnica relativa á programación de actos e actividades culturais e sociais do Parlamento de Galicia”. Os sobres irán asinados polo licitador ou persoa que o represente, coa indicación do nome e apelidos ou razón social da empresa.

Os licitadores que se atopen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia deberán facelo constar así na parte exterior do sobre A, consignando tamén o seu número de inscrición.

No interior de cada un dos sobres figurarán senllas follas nas que se fará constar o contido de cada un deles.

Cando as proposicións se remitan por correo, o licitador deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex ou telegrama no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo devandito órgano de contratación con posterioridade á data na que remata o prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, dez días naturais seguintes á indicada data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

6.2.- Documentación xeral (sobre A).

Neste sobre figurará necesariamente a seguinte documentación:

a) Acreditación da personalidade.

| | |
|---|---|
| Empresarios individuais | - Fotocopia compulsada do DNI da persoa titular ou propietaria da empresa. Expresaranse as circunstancias persoais e o domicilio actual. |
| Para persoas xurídicas españolas | - Fotocopia compulsada do CIF. - Copia autenticada ou compulsada da escritura de constitución ou modificación, no seu caso, debidamente inscrita no rexistro mercantil, cando este requisito sexa esixible conforme a lexislación mercantil. Se non o fose, copia autenticada ou compulsada da escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso, no correspondente rexistro oficial. |
| Contratistas non españois de estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o espazo económico europeo | - Acreditarán a súa inscrición no rexistro profesional ou comercial cando este requisito o esixa a lexislación do Estado respectivo, ou presentación das certificacións que se indican no anexo I do Regulamento xeral do TRLCAP. |
| Contratistas de estados non membros da Unión Europea | - Informe expedido pola misión diplomática permanente ou oficina consular de España do lugar de domicilio da empresa, no que se faga constar que figuran inscritas no rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato. - Informe da misión diplomática permanente de España ou da Secretaría Xeral de Comercio Exterior do Ministerio de Economía sobre a condición de Estado signatario do Acordo sobre contratación pública da Organización Mundial do Comercio, sempre que se trate de contratos de contía igual ou superior á prevista no artigo 203.2 do TRLCAP ou, en caso contrario, informe de que o Estado de procedencia admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración, en forma substancialmente análoga. |

b) Documentación acreditativa da representación. Os que comparezan ou asinen proposicións no nome doutro deberán presentar copia compulsada do DNI do ou dos apoderados ou documento que regulamentariamente o substitúa, do ou dos apoderados.

Se o licitador fose unha empresa individual, achegarse copia autenticada ou compulsada da escritura de poder notarial outorgada polo titular ou propietario da empresa.

Se o licitador fose unha persoa xurídica, achegarse copia autenticada ou compulsada da escritura de constitución da sociedade, e modificación, de ser o caso, inscrita no rexistro mercantil, con aqueles particulares dos estatutos ou dos acordos sociais dos que se deduza a dita representación. Se esta non resultase unicamente deles, presentarase ademais escritura de poder notarial para xustificar, inscrita no rexistro mercantil.

Coa finalidade de xustificar adecuadamente a representación perante o órgano de contratación, o correspondente poder de representación deberá ter xustificada a súa suficiencia (bastanteo) por letrado do Parlamento de Galicia.

c) Declaración responsable subscrita por quen asine a proposición na que se faga constar, tanto no que se refire ás persoas físicas como ás xurídicas licitantes, que non se atopan incursas en prohibición de contratar, conforme aos artigos 15 a 20 da TRLCAP.

d) Declaración responsable subscrita por quen asine a proposición na que se faga constar, tanto no que se refire ás persoas físicas como ás xurídicas licitantes, que se atopa ao corrente, no momento de presentar a súa proposición, no cumprimento das obrigas tributarias co Estado e coa Comunidade Autónoma de Galicia, das obrigas coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes e que consta dado de alta no imposto de actividades, estando ao corrente no seu pagamento. Todo isto sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tales requisitos se lle requira á empresa proposta como adxudicataria do contrato, concedéndoselle para tal efecto un prazo máximo improrrogable de cinco días hábiles contados desde o seguinte á data de notificación do dito requirimento.

A solicitude de tal documentación por parte da administración non xerará ningún dereito a favor do licitador seleccionado.

e) Garantía provisional. Os interesados en participar no concurso deberán constituír previamente unha garantía provisional, a nome do Parlamento de Galicia, por un importe do 2 % do orzamento de licitación. A garantía depositarase ou, se é o caso, acreditarase a súa constitución, na Dirección de Intervención Xeral e Asuntos Económicos do Parlamento de Galicia.

A garantía provisional poderá instrumentarse de calquera das formas previstas no artigo 35.1 do TRLCAP.

As empresas estranxeiras deberán presentar, ademais, a declaración de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para todas as incidencias que, de xeito directo ou indirecto, puideran xurdir do contrato, con renuncia, se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que lle puidera corresponder ao licitante.

Os licitadores que se atopen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia atoparanse exentos de presentar a documentación que conste neste e que estea vixente.

6.3 Ofertas técnica e económica (sobres B e C).

No sobre “B” incluírase a seguinte documentación:

a) Oferta técnica

Presentaranse os seguintes documentos para a realización do obxecto do contrato:

- Presentación xeral da empresa, especificando a súa dimensión, equipo técnico e cobertura en Galicia.
- Descrición dos principais servizos ou traballos efectuados polos profesionais asignados a el, coa indicación expresa da súa experiencia en traballos similares que teñan relación co obxecto do presente contrato, indicando importe, datas e destinatario.
- Memoria na que se expoña unha definición clara e precisa da metodoloxía que se utilizará no desenvolvemento dos traballos, con definición concreta de todos aqueles aos que se compromete a executar o licitador.
- Programa completo para a realización dos ditos traballos, con indicación das datas de remate e, se é o caso, daqueles parciais comprendidos no estudo ou servizo obxecto dos servizos.
- Describíranse igualmente todas as melloras técnicas que se propoñan para a máis eficiente execución do obxecto do contrato.
- A empresa contratista presentará un estudo organizativo do contrato que comprenda a metodoloxía dos traballos e os manuais de procedemento para a súa prestación. Neste documento describírase en particular as funcións do persoal propio da empresa e a forma de realízalas.
- A demais documentación non comprendida neste punto e que se esixe no prego de prescricións técnicas.

No sobre “C” incluírase a seguinte documentación:

b) Oferta económica.

Efectuarase para a totalidade dos servizos, incluíndo nela todo tipo de impostos, arbitrios ou taxas esixibles e, en particular, o imposto sobre o valor engadido (IVE).

As propostas presentadas deberán conter un prezo único para todos os servizos por cada acto.

O Parlamento de Galicia reserva para si a facultade de aprobar a programación proposta e de efectuar cantas modificacións considere precisas. Unha vez aceptadas as propostas, o adxudicatario deberá achegarlle ao Parlamento de Galicia —inescusablemente—

orçamento especificado e detallado por cada acto, actividade ou evento proposto e por cada cidade onde se vaia desenvolver.

Serán inadmisibles as ofertas de maior contía da que constitúa a base de licitación e quedarán excluídas.

Considéranse incursas en presunción de temeridade aquelas empresas que presenten unha proposición económica cunha porcentaxe de baixa que exceda en 10 unidades, polo menos, á media aritmética das porcentaxes de baixa de todas as proposicións presentadas, para os efectos previstos no artigo 86.3 do TRLCAP.

6.4.- Variantes.

Non se admiten variantes.

7. MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DE PROPOSICIÓN.

7.1.- A mesa de contratación do concurso estará composta polos seguintes membros:

1. Composición da mesa de contratación.

A mesa de contratación está constituída na forma sinalada no artigo 81 da TRLCAP e no artigo 79 do Real decreto 1098/2001, cos seguintes membros:

Presidenta:

- D.^a Tereixa Paz Franco. Vicepresidenta 1.^a da Mesa do Parlamento de Galicia

Vogais:

- D. Pablo Xabier López Vidal. Secretario da Mesa do Parlamento de Galicia

- D. José Manuel Baltar Blanco. Vicesecretario da Mesa do Parlamento de Galicia.

- D. José María Ameijenda Cuns. Interventor xeral do Parlamento de Galicia

- D. Xosé - Antón Sarmiento Méndez. Letrado oficial maior do Parlamento de Galicia.

Secretaria:

- D.^a María Aneiros González. Directora de Recursos Humanos e Réxime Interior.

2. Actuacións.

a) Despois de rematar o prazo de presentación de proposicións, a mesa de contratación procederá á apertura e ao exame da documentación incluída nos sobres “A” e “B”.

b) Posteriormente, en acto público, que terá lugar na data e hora que se sinalan no anuncio da convocatoria do concurso, abrírase o sobre “C” das empresas que presenten a documentación de forma correcta, e procederase conforme o establecido na normativa vixente en materia de contratación.

c) A mesa de contratación poderá solicitar, antes de formular a súa proposta, cantos informes técnicos considere precisos.

d) Unha vez determinada pola mesa de contratación a proposición máis vantaxosa, elevaralle á Mesa do Parlamento de Galicia a súa proposta de adxudicación. A Mesa do Parlamento decidirá tendo en conta o disposto no artigo 88.2 do TRLCAP.

3. Criterios de valoración.

Teranse en conta para a valoración das proposicións formuladas en relación coa súa selección os seguintes criterios ponderados segundo o disposto no artigo 86 do TRLCAP.

A) CALIDADE E ORIXINALIDADE DA PROPOSTA PRESENTADA, cun máximo de 40 puntos. Valorarase a orixinalidade da programación proposta, en relación co obxectivo por acadar, que é a máxima implicación e participación activa da cidadanía, así como a translación da imaxe dunha institución dinámica, vital e próxima aos galegos e ás galegas. Así mesmo, dentro deste epígrafe valorase especialmente a relación das actividades propostas coa tradición, a historia e a idiosincrasia das cidades onde se celebrarán os actos.

B) PREZO OFERTADO, ata un máximo de 40 puntos. Ponderaranse as ofertas do seguinte xeito: a oferta igual ao orzamento de licitación valorarase con 10 puntos, e as demais, de acordo coa seguinte fórmula:
Puntuación i:

$$\text{Puntos por repartir} \times \frac{\text{Orzamento de licitación} - \text{oferta } i}{\text{Orzamento de licitación} - \text{oferta máis baixa}}$$

C) MELLORAS OFERTADAS POLA EMPRESA VINCULADAS CO OBXECTO DO CONTRATO, ata un máximo de 20 puntos. As melloras que se oferten dentro deste punto deberán ter relación directa co obxecto do contrato e deberán ser susceptibles de cuantificación económica.

4. Órgano e procedemento para a adxudicación.

A adxudicación realizaraa o órgano de contratación, mediante resolución motivada, á oferta que se considera máis vantaxosa, sen que sexa necesario atender forzosamente ao valor económico dela. Así mesmo, poderase declarar deserto o concurso (artigo 88.2 do TRLCAP).

A adxudicación seralles notificada aos participantes na licitación na forma sinalada no artigo 93 do TRLCAP.

8. DEVOLUCIÓN DA DOCUMENTACIÓN E DA GARANTÍA PROVISIONAL.

A documentación que acompaña ás proposicións quedará á disposición dos licitadores que non resulten adxudicatarios unha vez adxudicado o contrato e transcorridos os prazos para a interposición de recursos.

9. CONSTITUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA.

No prazo de oito días naturais contados desde que se notifique a adxudicación do contrato, e antes da súa formalización, o adxudicatario deberá acreditar, mediante a presentación do correspondente xustificante, ter constituída unha garantía definitiva, polo importe do 4 % do orzamento de adxudicación, na Dirección de Intervención Xeral e Asuntos Económicos do Parlamento de Galicia, mediante algunha das formas previstas no artigo 36.1 do TRLCAP.

Todo isto sen prexuízo do establecido no artigo 86.3. do TRLCAP, en relación coas ofertas desproporcionadas ou temerarias.

10. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

10.1.- O adxudicatario queda obrigado a subscribir dentro do prazo de quince días naturais, contados a partir do seguinte á data de notificación da adxudicación, o correspondente documento administrativo de formalización do contrato, logo da constitución da garantía definitiva.

10.2.- O contrato poderá formalizarse en escritura pública cando así o solicite o contratista, correndo ao seu cargo os gastos derivados do seu outorgamento.

10.3.- Cando, por causas imputables ao contratista, non se puidese formalizar o contrato dentro do prazo indicado, a administración poderá acordar a súa resolución.

11. EXECUCIÓN DO CONTRATO.

11.1.- Prazo de execución.

O prazo de execución do contrato abrangue desde a formalización ata o 31 de decembro de 2008.

11.2.- Prórrogas.

Non se prevé a posibilidade de prórroga.

11.3.- Penalidades por mora.

No caso de incumprimento do contrato ou dos prazos establecidos neste por causas imputables ao adxudicatario, o órgano de contratación poderá optar indistintamente por:

- a) Declarar resolto o contrato, con perda da garantía.
- b) Impoñerlle ao adxudicatario as penalidades establecidas no artigo 95 do TRLCAP.

Os importes das penalidades faranse efectivos mediante a dedución deles da facturación que se produza. En todo caso, a garantía constituída responderá da efectividade daquelas.

A constitución en mora non requirirá interpelación ou intimación previa por parte da administración.

11.4.- Prezo e forma de pagamento.

Os honorarios de contrato establécense por tanto alzado e comprenden a totalidade dos gastos que teña que facer o adxudicatario para a realización do traballo obxecto do concurso, ata a súa recepción pola administración, incluso a parte correspondente dos seus gastos xerais e beneficios. Polo tanto, no prezo están engadidos todos os gastos de deseño, creación artística, organización, produción e desenvolvemento dos actos e actividades, así como todo tipo de gastos e impostos que poidan recaer sobre eles, incluído o IVE.

O pagamento realizarase contra presentación das facturas correspondentes, e unha vez prestados os servizos obxecto deste contrato a satisfacción da administración contratante.

Non obstante, poderanse realizar pagamentos parciais correspondentes aos actos que se van desenvolver en cada unha das cidades/vilas de Galicia, e unha vez rematados cada un deles.

En calquera caso, e con independencia do importe do contrato, só se lle satisfarán ao adxudicatario os importes dos gastos correspondentes aos servizos efectivamente realizados.

Non cabe revisión de prezos.

11.5.- Gastos esixibles ao adxudicatario.

O adxudicatario estará obrigado a satisfacer os gastos dos anuncios de licitación e de formalización do contrato. Así mesmo, serán de conta do adxudicatario atopándose, incluídos no orzamento ofertado, os impostos de calquera índole que graven os diversos conceptos, incluído o imposto sobre o valor engadido (IVE), sen que, polo tanto, poidan ser estes presentados como partidas independentes.

11.6.- Dirección e inspección dos traballos.

O órgano de contratación ten a facultade de exercer, dun xeito continuado e directo, a inspección dos traballos contratados, sen prexuízo de que poida confiar tales funcións dun modo complementario a calquera dos seus órganos ou representantes.

Para este fin o adxudicatario facilitará a visita e exame de calquera proceso ou fase de traballo, así como os medios necesarios para que se poida realizar a inspección.

11.7.- Responsabilidade do contratista.

O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

O contratista terá a obriga de gardar segredo respecto dos datos ou antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato, dos que teña coñecemento con ocasión deste.

11.8.- Prazo de garantía.

De conformidade co artigo 110.3 do TRLCAP, o contrato terá como prazo de garantía tres meses.

Unha vez cumprido o obxecto do contrato, e prestada a conformidade polo órgano de contratación, daráselle curso á cancelación da garantía definitiva.

12. CONDICIÓN DE EXECUCIÓN DO CONTRATO.

O servizo que ten que prestar a empresa adxudicataria, e que foi descrito anteriormente, farase suxeito ás condicións previstas no prego de condicións técnicas.

O adxudicatario está, así mesmo, obrigado ao cumprimento, baixo a súa exclusiva responsabilidade, das disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e saúde laboral.

13. CESIÓN DO CONTRATO E SUBCONTRATO.

Admitirase a cesión do contrato sempre que as calidades técnicas do cedente non foran causa determinante na súa adxudicación, e que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 114.2 do TRLCAP.

O contratista poderá concertar con terceiros a realización parcial do obxecto do contrato, de acordo coas condicións e requisitos establecidos no artigo 115 do TRLCAP, sempre e cando as prestacións parciais subcontratadas non excedan do 50 % do importe de adxudicación.

Os subcontratistas quedarán obrigados só ante o contratista principal, que asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte ao órgano de contratación, con suxeición estrita ás prescricións do presente prego e do de prescricións técnicas e ás condicións establecidas na súa oferta técnica.

14. MODIFICACIÓN DO CONTRATO.

Unha vez perfeccionado o contrato, o órgano de contratación só poderá introducir modificacións por razón de interese público nos elementos que o integran, sempre que sexan debidas a necesidades novas ou a causas imprevistas, xustificándoo debidamente no expediente, e de conformidade co establecido no artigo 101 do TRLCAP.

As condicións do contrato deberán formalizarse conforme o disposto no artigo 54 do TRLCAP.

15. EXTINCIÓN DO CONTRATO.

O contrato extinguirase por cumprimento ou por resolución.

15.1 Cumprimento e conformidade.

O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realizara, de acordo cos seus termos e a satisfacción da administración, a totalidade do seu obxecto.

Debido a que a natureza das obrigas do contrato son de actividade e se materializan nunha pluralidade de actuacións, actos e informes sucesivos e reiterados durante a vixencia do contrato, todos eles suxeitos ao control permanente do órgano de contratación e dos seus funcionarios, esíxese un acto de conformidade coa prestación efectuada por parte do órgano de contratación, non sendo necesario acto de recepción formal.

15.2.- Resolución.

Serán causas de resolución do contrato de consultoría e asistencia as sinaladas nos artigos 111 e 214 do TRLCAP, ademais do establecido no artigo 22 do mesmo corpo legal en canto aos efectos da falta de capacidade e solvencia e das prohibicións para contratar.

Así mesmo, poderá motivar a resolución do contrato, a xuízo do órgano de contratación, as reiteradas deficiencias na execución do contrato ou a interrupción da execución mesma, salvo caso de forza maior. Unicamente terán a consideración de casos de forza maior os consignados no artigo 144.2 do TRLCAP.

A resolución do contrato dará dereito ao contratista, en todo caso, a percibir o prezo dos estudos, informes, proxectos, traballos ou servizos que efectivamente realizara consonte o contrato e que se recibirán pola administración.

16. CESIÓN DE DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL E INDUSTRIAL.

16.1.- O contratista cédelle en exclusiva á administración contratante a titularidade dos dereitos de propiedade intelectual, agás os de carácter moral, así como os dereitos de propiedade industrial sobre a totalidade das creacións resultado do presente contrato.

16.2.- A cesión abarca todas as modalidades de explotación actualmente recoñecidas pola lexislación vixente, tales como edición, representación, gravacións e reproducións audiovisuais, informáticas, etc., incluíndose tamén calquera forma ou soporte legalmente admitido. Para tal efecto, o contratista terá que entregarlle ao órgano de

contratación, en perfecto estado para o uso ao que se destinan, os soportes orixinais que conteñan as creacións que resulten do contrato.

16.3.- A cesión terá unha duración equivalente ao tempo máximo previsto na lexislación reguladora dos dereitos cedidos para a súa protección e gozo.

16.4.- A cesión destes dereitos á administración contratante non ten ningunha limitación en canto ao ámbito territorial para o exercicio de calquera dereito que dela derive.

16.5.- O prezo pola cesión destes dereitos atópase comprendido no da licitación, non estando obrigada a administración contratante a aboar cantidade suplementaria pola cesión de tales dereitos ou pola entrega de soportes que conteñan as creacións derivadas do contrato.

17 . NATUREZA XURÍDICA E XURISDICIÓN COMPETENTE.

17.1.- A totalidade da documentación que presente o licitador poderá ser redactada en calquera dos dous idiomas oficiais da Comunidade Autónoma galega. Cando se trate de empresas estranxeiras deberán acompañar a tradución oficial.

17.2.- O órgano de contratación ten a prerrogativa de interpretar o contrato, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público e acordar a súa resolución e os efectos desta. Os seus acordos poñerán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos.

Finalizada a vía administrativa, as cuestións litixiosas que poidan xurdir entre as partes substanciaranse ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, de acordo co disposto no artigo 7 do TRLCAP, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, agás que se opte, previamente, por interpoñer recurso de reposición potestativo ante o devandito órgano de contratación (arts. 116 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro).

Prego aprobado por acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 6 de agosto de 2007.

Santiago de Compostela, 6 de agosto de 2007

Tereixa Paz Franco
Vicepresidenta 1.^a

MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

DON/DONA.....
....., con domicilio
en.....
.....,
C.P....., provisto de DNI núm.,
expedido en....., con data.....,
en nome propio ou en representación de
....., CIF núm.
..... (cuxa representación acredita coa escritura de poder que bastanteada en
forma achega), sabedor da licitación por (*invitación, prensa, publicación oficial...*;
póñase data do documento en cuestión)..... e das condicións e
requisitos que se esixen para concorrer á licitación e adxudicación do contrato
de.....
.....
.....

DECLARA:

1.º.- Que coñece o prego de cláusulas administrativas e os anexos coas condicións técnicas que lle serven de base á convocatoria do citado contrato e que os acepta incondicionalmente na totalidade do seu contido.

2.º.- Que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa administración e que se compromete en nome..... (propio ou da empresa a que representa) a cumprir o contrato con estrita suxeición aos documentos citados de acordo coa seguinte oferta:

- Prezo

Importe total (en letras e números):

.....
....., IVE incluído.

Importe de cada un dos actos (detallaranse, en letras e números, os prezos dos distintos actos que se van organizar):.....

....., IVE incluído

- Prazo total de execución (*expresado en anos, meses, semanas ou días, segundo proceda*), expresando, con todo detalle, as entregas e os prazos parciais no calendario que se xunta a esta proposición.

3.º.- Así mesmo, que se compromete ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de seguridade e saúde no traballo.

Lugar:

Data:

Sinatura do/a licitador/a:

PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DUNHA CONSULTORÍA E ASISTENCIA RELATIVA Á PROGRAMACIÓN DE ACTOS E ACTIVIDADES CULTURAIS E SOCIAIS, POLO PROCEDIMENTO ABERTO MEDIANTE CONCURSO E TRAMITACIÓN URGENTE.

1. Obxecto do contrato.

O Parlamento de Galicia comezou o 19 de decembro de 2005 os actos de conmemoración dos seus vinte e cinco anos. O programa de actos culturais, sociais e cívicos desenvolveuse durante todo o ano 2006 en distintas cidades galegas.

O principal obxectivo da celebración foi a busca dun nexo entre o Parlamento e a cidadanía, co fin de traballar na proximidade coa sociedade e transformar o Parlamento nunha “fábrica de valores”.

Iniciouse deste modo unha nova política de portas abertas, para dar a coñecer a institución e para crear lazos de unión cos cidadáns, transmitindo aos galegos e galegas a imaxe dunha institución viva que desexa achegarse á realidade social do país.

O diálogo é a idea forza coa que o Parlamento quere acometer todas as accións de promoción e posta en valor da institución e, por iso, propónse continuar coa estratexia de sacar o Parlamento de Galicia ás rúas de Galicia, na busca dunha participación activa da cidadanía como público masivo e parte protagonista das actividades que se organicen.

O obxecto deste contrato é, polo tanto, o deseño, organización, produción e execución dun programa de actos e actividades culturais e sociais do Parlamento de Galicia para desenvolver en nove cidades/vilas de Galicia, das que sete delas serán as do antigo reino de Galicia: Santiago de Compostela, Lugo, A Coruña, Mondoñedo, Ourense, Betanzos e Tui.

As outras dúas cidades deberán ser propostas polas empresas participantes no concurso.

O Parlamento de Galicia pretende estar presente un día en cada unha destas cidades, mediante o desenvolvemento de actividades culturais, sociais, lúdicas, etc., a partir do segundo semestre de 2007 e durante todo o ano 2008.

2. Descrición do servizo.

A empresa licitadora deberá deseñar un programa de actividades, actos, espectáculos, etc., para desenvolver nas cidades indicadas a partir do segundo semestre de 2007 e que se estenderán, como máximo, ao longo do ano 2008.

A empresa deberá encargarse non só do deseño do programa de actividades senón da súa organización, produción e execución en cada unha das cidades.

As accións itinerantes programadas supoñen que o adxudicatario deberá prestar os seguintes servizos:

- 1) Execución en cada unha das cidades dos actos que se inclúan na proposta de programación.
- 2) Contratación dos artistas, invitados, espectáculos, concertos, seminarios, conferencias, etc., que se propoñan en cada caso. Os contratos cos artistas deberán prever necesariamente a cesión de dereitos para a emisión por TV e na web do Parlamento.
- 3) Contratación do persoal de asistencia que sexa necesario no lugar de celebración do acto.
- 4) Busca e preparación dos espazos onde se vaian celebrar as actividades (tanto se son abertos como pechados).
- 5) Solicitude dos permisos necesarios aos concellos correspondentes para a realización das actividades, así como o pagamento das taxas ou prezos que procedan.
- 6) Contratación, transporte, montaxe e desmontaxe de todos aqueles elementos que puideran ser necesarios para levar a cabo as actividades:
 - Son (microfonía, amplificación, música ambiente, etc.).
 - Iluminación (incluírá técnico de iluminación, grupos electróxicos e eléctricos e pasacables).
 - Aluguer de cadeiras
 - Escenarios, tarimas.
 - Medios audiovisuais.
 - Atril.
 - Acondicionamento set de atención artistas (vestiario, camerino, perrucaría, maquillaxe).
 - Limpeza da praza, rúa ou lugar onde se realice o acto.
 - Servizo de vixilancia e seguridade.
 - Aluguer de paneis para acoutar os espazos públicos ao aire libre.
- 7) Nomeamento dun/ha coordinador/a da empresa especificamente designado/a para facer a coordinación e seguimento destes actos e manter o contacto co Parlamento de Galicia.
- 8) Contratación dunha póliza de responsabilidade civil para cubrir todos os actos e eventos por importe mínimo de 300.000 euros.
- 9) O formato proposto para o acto debe axeitarse para a súa emisión íntegra e en directo por TV.
- 10) O acto para emitir por televisión deberá ter unha duración mínima dunha hora.

Outras consideracións.

A empresa terá a obriga de ter en conta as previsións meteorolóxicas e, no caso de ter que modificar a localización dos actos por mor do mal tempo, deberá ter unha solución alternativa para o desenvolvemento deles.

As empresas licitadoras deberán presentar para cada cidade unha programación para todo o día, con distintas propostas, contidos e localizacións na cidade, en función das características de cada localidade e, sobre todo, tendo en conta o obxectivo fundamental de contacto coa cidadanía, achegamento ao público, implicación dos cidadáns, etc.

Valorarase especialmente que os grupos, artistas, creadores, etc., propostos pola empresa sexan galegos ou galegas.

3. Procedemento e forma de adxudicación.

A licitación do contrato levarase a cabo por tramitación urxente, procedemento aberto e adxudicación por concurso.

4. Presentación de ofertas.

As propostas presentadas deberán conter un prezo único para todos os servizos por cada acto.

O Parlamento de Galicia reserva para si a facultade de aprobar a programación proposta e de efectuar cantas modificacións considere precisas. Unha vez aceptadas as propostas, o adxudicatario deberá achegarlle ao Parlamento de Galicia —inescusablemente— orzamento especificado e detallado por cada acto, actividade ou evento proposto e por cada cidade onde se vaia desenvolver.

5. Melloras.

A empresa poderá presentar melloras que contribúan a optimizar o servizo que se vai prestar, sen custo adicional para o Parlamento de Galicia.

Prego aprobado por acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 6 de agosto de 2007.

Santiago de Compostela, 6 de agosto de 2007

Tereixa Paz Franco
Vicepresidenta 1.^a



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
